

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de maio de 2021**

Ás 17.32 horas do día 20 de maio de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste a deputada do Grupo Socialista dona Susana Rodríguez Delgado, que é substituída por dona Rosario Rodríguez Delgado.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á

ORDINARIA DO DÍA 22 DE ABRIL DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de abril de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 22 de abril de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** contesta á pregunta formulada por dona Susana Rodríguez na comisión mes pasado sobre se se reunira o consello profesional de enxeñeiros informáticos para a constitución da creación do Observatorio Tecnolóxico de Turismo. O 30 de abril o Consello Nacional do Colexio de Informática aprobouse a súa creación. Agora ábrese un proceso para a adhesión das entidades públicas ou privadas que o consideren.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que estes días no Pazo Provincial unha máquina facía unha cata da futura solución termal para a cidade de Ourense que sería este pazo. Pregunta se hai algún avance. Dende o BNG solicitamos facer un estudo sobre a aplicación da nova lei de termalismo de Galicia, que trae de cabeza á cidade de Ourense e a outras vilas termais. Pregunta se hai algunha novidade ao respecto.

A **presidenta da comisión** indica que se está vendo como se pode facer o estudo dese impacto. Engade que houbo varias reunións, unha en decembro, e viñeron responsables de minas da Xunta de Galicia. Estamos vendo como poder facer este estudo. Sobre as prospeccións que xa se iniciaron, indica que se están facendo catas e analíticas e segundo os resultados tomaranse as decisións que correspondan.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta pola noticia que sae hoxe na prensa sobre a estación de Manzaneda, que tras as reformas ten previsto iniciar un amplo programa de actividades a mediados do mes de xullo. A Deputación o ano pasado fixo un programa da montaña de solidariedade, pregunta se ten previsto a Deputación facer algún programa de campamentos de verán aberto á mocidade ou a nenos en idade infantil en Manzaneda este verán para desfrutar da natureza.

A **presidenta da comisión** indica que en Manzaneda están preparando todo para abrir a mediados do mes que ven, xa sacaron aos traballadores do ERTE e ofertaron a contratación de novos traballadores. Trátase de ter un programa amplo aberto todo o ano e ofertar todo tipo de

actividades deportivas e vencelladas ao turismo. Sobre o programa da montaña de solidariedade non lle pode contestar se se pode facer este ano ou non.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta se se ten pensado facer algún programa de campamento no verán na estación para promocionar.

A presidenta da comisión contesta que aínda no pode informar se a Deputación vai organizar algunha actividade na Estación.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, sinala que se recomenda, polo COVID, as actividades ao aire libre, e sería interesante dispor deste sitio para poder facer estes campamentos.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que o ano pasado polo tema COVID se suspendeu o Xacobeo, e agora vaise organizar en 2021-2022. Pregunta se a Deputación, a nivel de turismo, ten algunha estratexia concreta ou planificación específica da Deputación para fomentar o turismo ao carón do Xacobeo, ben por concellos que pasen as distintas rutas da provincia ou cara ao resto dos concellos.

A presidenta da comisión contesta que hoxe o vicepresidente primeiro está en FITUR en Madrid, presentando a estratexia do turismo na vía da prata na provincia de Ourense. Vanse facer actividades e estratexias. Hoxe presentou en Madrid esa actividade que ten que ver co Xacobeo na nosa provincia.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que FITUR é importante para a promoción das termas de Ourense, que neste momentos teñen moitos problemas, só está aberta unha, e hai moita xente, e pregunta se hai algunha liña de traballo co Concello e a Xunta de Galicia, para solucionar este problema porque estamos promocionando algo que é inviable nestes momentos como destino turístico.

A presidenta da comisión, entende que as termas non son só no Concello de Ourense. Temos varias vilas termais na provincia e o vicepresidente mañá asina o convenio con Renfe para o programa de termalismo social. Agora só hai un balneario aberto, pero ao longo do mes de xuño vai abrir algún balneario máis. Están con restricións e van empezando a abrir, igual que no resto do país, xa que ata agora a situación era difícil. Estase traballando co resto de balnearios da provincia.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista engade que se refería en concreto ás termas do Concello de Ourense, polo peso específico que teñen no turismo da provincia.

A presidenta da comisión, di que como está presente un concelleiro do Concello de Ourense, convidao a que dea información ao respecto sobre as terras de Ourense.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, sinala que hai dificultades xa que nos termos nos que está redactada a Lei, está sendo complicado adaptarse a ela, polas limitacións físicas de caudal e outras. Intentarán cumprilas e apela aos representantes que están aquí con representación na Xunta, porque a Lei se debería redefinir, para situacións concretas, xa que está redactada en termos moi abstractos e na cidade de Ourense, “nos funde”. Están á espera de que lles respondan as cuestións que solicitaron. Non é lóxico que despois de catro mil anos que se veñen utilizando pola poboación, con fins terapéuticos ou lúdicos, agora se enfoquen como se fosen piscinas dun polideportivo, e son unha cousa diferente. Intentarán adaptarse á Lei, que hai que cumprila. Pero as leis pódense cambiar, igual hai que facer unha planificación concreta específica para esta situación como a de Ourense. Para a cidade supón un revés económico e turístico moi importante.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta se se lles pode explicar a promoción concreta que se levou a FITUR da provincia de Ourense, que feitos, lugares e fitos se levaron para promocionar este ano en FITUR.

A presidenta da comisión responde que ía unha programación que levaba o vicepresidente primeiro e presidente do INORDE, que consultaron cos concellos. É unha representación en conxunto de toda a provincia. Hoxe facían a presentación da vía da prata. Engade que na próxima comisión, se o desexa, pode solicitar un informe para coñecer o material que levaron para este evento.

E, ás 17.46 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.